UNHA PRODUCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO,
A COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA E O FESTIVAL DE ALMAGRO



# A CONTENDA

DOS LABRADORES DE CALDELAS OU ENTREMÉS FAMOSO SOBRE A PESCA

# DO RÍO MIÑO

autor **Gabriel Feixóo de Araúxo**
dramaturxia **Javier Alonso de Castilla**
dirección **Fran Núñez**

Yeliz Balim | Rogério Boane | Sílvia Brito | Carlos Feio | Eduarda Filipa
António Jorge | Grasiela Müller | Fran Núñez | Aisa Pérez | Solange Sá



# Ficha artística

## ELENCO

Yeliz Balim
Rogério Boane
Paulo Bragança
Sílvia Brito
Carlos Feio
Eduarda Filipa
António Jorge
Grasiela Müller
Fran Núñez
Aisa Pérez
Solange Sá

## EQUIPO ARTÍSTICO

| | |
|---|---|
| Autor | **Gabriel Feixóo de Araúxo** |
| Dramaturxia | **Javier Alonso de Castilla** |
| Dirección | **Fran Núñez** |
| Apoio dramatúrxico | **Rui Madeira** |
| Espazo escénico | **Salvador Forján, Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, Fernando Rodríguez, René Rodríguez Suso Rodríguez e Elixio Vieites** |
| Iluminación | **Juanjo Amado** |
| Asistente iluminación | **Biqui Cabado** |
| Son | **Antonio G. Budiño e Guillermo Vázquez** |
| Vestiario | **María Negreira** |
| Asistente dirección | **Silvia Brito** |
| Apoio verso | **Aisa Pérez** |
| Coreografía | **Belén Vázquez e Pilar Peña** |
| Composición musical | **Grasiela Müller, Paulo Bragança e outros** |
| Deseño de produción | **Rui Madeira** |
| Produción | **Paula Fonseca e Francisco Veiga** |
| Asistente de produción | **Xandre Vázquez** |

## Sinopse

Pasaron 350 anos desde que Gabriel Feixóo de Araúxo escribise en 1671 A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre da pesca do río Miño. 350 anos e o río segue correndo, separando, ou unindo Galicia e Portugal. A peza fala dun tempo e un lugar concreto pero a súa esencia é universal e percorre a historia: as fronteiras, a loita polos recursos e a loita de clases.

Nesta historia hai disputa polo dereito a pescar. Hai peixe que non entende de fronteiras e pace onde máis lle presta sen pastor que o guíe. Hai quen tenta valerse do seu poder para levar o que non lle corresponde. Hai quen llo tenta impedir e impídello. Hai disputa. Hai dignidade. Hai quen se avergoña dos seus compatriotas e defende aos da súa clase. Hai mortos. Hai choros. Hai festa. Hai baile. Hai irmandade. Hai fronteiras. Ou non.



## *FRONTEIRAS DIFUSAS*

**Rui Madeira e Fran Núñez**

En 2021 conmemórase o 350º aniversario da Contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre da pesca do río Miño. O obxectivo é traer a escena este texto como punto de partida para falar das fronteiras tomando como exemplo a fronteira que marca o río Minho entre Galicia e Portugal. Unha das máis antigas de Europa e á vez das máis difusas pois tras mil anos para os minhotos de cada un dos lados do río, segue sendo punto de encontro e non de división.





Este proxecto é un espectáculo para falar de fronteiras, da historia e dos seus caprichos. Unha proposta que reflexiona sobre como Galicia e a rexión do Minho acabaron en dous estados diferentes sen deixar de convivir. Esa é a historia. Ese é o río Miño. E o Miño é unha fronteira natural, pero non debe ser moi natural que sexa fronteira pois, desde hai séculos, os dunha beira e da outra seguimos ollando ao río.

O texto orixinal está escrito en lingua galega con fragmentos en portugués, pero a copia que chegou até os nosos días contén as anotacións en castelán. Un documento trilingüe ao que daremos vida en escena co tres linguas: galego, portugués e castelán. Falaremos de fronteiras, pero a lingua non será unha delas pois igual que o río Miño servirá para unir.




**CENTRO DRAMÁTICO GALEGO**
SALÓN TEATRO
T. +34 881 867 229
Despacho de billetes 881 8[illegible]23
www.centrodramatico.gal
www.agadic.gal

cdg.salonteatro
cdg.salonteatro
YouTube centrodramatico


XUNTA
DE GALICIA